

Publícase a relación de prazas vacantes na Escola Municipal de Música e infórmase da apertura de prazo de preinscrición para novo alumnado - Curso 2020/2021

Finalizado o prazo de renovación de praza do alumnado actual da Escola Municipal de Música para o curso 2020 - 2021, publícanse as prazas vacantes e a apertura dos prazos de preinscrición para o novo alumnado.

Do 18 de maio ao 5 de xuño é o prazo establecido para a solicitude de preinscrición na Escola Municipal de Música do novo alumnado que desexa matricularse na oferta educativa da Escola, de acordo coas prazas vacantes para o curso 2020-2021, do que se achega documento.

As persoas interesadas en matricularse deberán cumprimentar o impreso de preinscrición, que poden descargar da web do Concello, da web da Escola Municipal de Música ou solicitándoo por correo electrónico á EMM: info@esmucompostela.es para unha vez cuberta presentala nunha destas opcións:

- **Polo rexistro, de forma telemática:** <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>
- **Polo rexistro do Concello de Santiago** (pedindo cita previa no teléfono: 981543122)
- **Por correo electrónico:** dptoeducacion@santiagodecompostela.gal

Deberán indicar no asunto: SOLICITUDE PRAZA EMM. CURSO 2020-2021

IMPORTANTE: *Se no presente curso 19/20 quedaron en situación de lista de agarda, deben volver presentar a solicitude para o curso 20/21*

Neste momento do proceso non é necesario achegar ningunha outra documentación. É requisito imprescindible que a persoa solicitante figure empadroada no Concello de Santiago ou que curse estudos da ensinanza obrigatoria ou estudos de grao medio, superior ou estudos universitarios en Santiago de Compostela.

Exposición pública de prazas vacantes para o curso 2020/2021 (*)
1ª convocatoria

PRAZAS INSTRUMENTAIS SEGUNDO O PLAN EDUCATIVO (1)		
Especialidade	PEX (de 8 a 15 anos)	PEPA (a partir dos 16 anos)
Acordeón	1	-
Trompa	1	-
Violoncello	2	2
Violín	1	1
Saxofón	1	2
Clarinete	2	1

Escola Infantil de Música (1)	
Especialidade	Nº prazas
Preparatorio a Música e Movemento (3 anos) 4º infantil	12
Música e movemento 1 (4 anos) 5º infantil	10
Música e movemento 2 (5 anos) 6º infantil	2
Iniciación ao linguaxe musical 1 (6 anos) 1º primaria	17
Iniciación ao linguaxe musical 2 (7 anos) 2º primaria	3

Escola Aberta (1)		
Especialidade	PEX	PEPA
1º Linguaxe Musical	-	4
2º Linguaxe Musical	-	2
3º Linguaxe Musical	-	2
4º Linguaxe Musical	-	2

(*) Cómpre sinalar que se a evolución da pandemia xerada pola COVID-19, leva a decretar medidas extraordinarias que afecten ao funcionamento da EMM, éstas poden influír no número de prazas que se poidan finalmente adxudicar.

(1) A obtención de praza non garante que os horarios que se ofrecen sexan compatibles coas necesidades dos solicitantes.